

## O ANDALUZ E O GALEGO

Unha vez era un andaluz e un galego que ían xuntos no tren meténdose pullas o un ao outro, e o andaluz díxolle ao galego:

—*En mi tierra vi un repollo tan grande que ocupaba una extensión de cuatro kilómetros cuadrados.*

E entón díxolle o galego:

—Pois na miña terra están facendo unha caldeira tan grande que traballan nela cen latoeiros e non se senten os uns aos outros golpear os martelos.

—*¿ Y para qué iban a haser una cardera tan grande?*

—Para cocer o teu repolo —contestoulle o galego con moita retranca.